

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A ADHESIÓN DAQUEL Á CONTRATACIÓN CENTRALIZADA OBXECTO DO "ACORDO MARCO CUN ÚNICO EMPRESARIO DA SUBMINISTRACIÓN E ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DE SOFTWARE DE SERVIDOR, BACKOFFICE E ESCRITORIO DA XUNTA DE GALICIA" (EXPEDIENTE AMT-2021-0151), E PARA O FINANCIAMENTO DO PRIMEIRO CONTRATO BASEADO NO DITO ACORDO MARCO

En Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, **Miguel Ángel Santalices Vieira**, presidente do Parlamento de Galicia (en diante Parlamento), actuando en nome e representación desta institución en virtude das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra parte, **Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (Diario Oficial de Galicia núm. 10, do 16 de xaneiro de 2012) e polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 55, do 20 de marzo de 2012).

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio, e na súa virtude

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que a Amtega é unha axencia pública autonómica, regulada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. De conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, a Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.



A Amtega ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, concentrando os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás estruturas de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) do sector público autonómico.

Entre as funcións da Amtega atópanse as seguintes:

- A xestión da infraestrutura de sistemas dos centros de proceso de datos da rede corporativa da Xunta de Galicia e establecemento das políticas de apoio destes centros.
- A planificación, implantación e xestión da plataforma tecnolóxica: servidores, sistemas de almacenamento e software de base da Xunta de Galicia.
- O mantemento e soporte permanente da infraestrutura de sistemas: supervisión e monitorización da plataforma tecnolóxica, así como administración, instalación, configuración e explotación da infraestrutura de sistemas.
- A evolución e optimización da plataforma hardware y software de base.

**Segundo.** Para satisfacer as necesidades derivadas do constante cambio tecnolóxico e das continuas melloras nas prestacións e funcionalidades que afectan a todas as infraestruturas hardware e software do mercado e, en particular, aos instalados nas plataformas de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia, a Amtega licitou o acordo marco cun único empresario da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0151).

O citado acordo marco foi adxudicado mediante Resolución do 31 de xaneiro de 2022 á empresa INETUM ESPAÑA, S.A., coa que se subscribiu o correspondente contrato administrativo o 28 de febreiro de 2022.

**Terceiro.** O Parlamento de Galicia é un órgano estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma Galega da que se derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu Presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución Española.

O artigo 60.1 do regulamento do Parlamento establece que este disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións,



especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento. Para estes efectos, o Parlamento precisa proverse de software de servidor, backoffice e escritorio, considerando como mecanismo idóneo para satisfacer esta necesidade a adhesión ao acordo marco citado.

**Cuarto.** O acordo marco AMT-2021-0151 licitouse pola Amtega como departamento de contratación centralizada, de conformidade co disposto no artigo 228 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) e no 20 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. En particular, o número 5 deste último precepto establece que "as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración".

Con base nesa previsión, o propio prego de cláusulas administrativas particulares do dito acordo marco prevé que "tamén poderán celebrar contratos derivados baseados neste acordo marco outras entidades distintas das indicadas no parágrafo anterior (como o Parlamento de Galicia ou as entidades locais), previa celebración do correspondente convenio de colaboración coa Amtega, de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro. Deste xeito, a Amtega manterá un control global sobre o grao de execución do acordo marco e asegurarse de que non se superen os límites orzamentarios estimados globalmente para o acordo".

Por medio deste convenio artéllase, xa que logo, a adhesión do Parlamento de Galicia á contratación centralizada da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia obxecto do expediente de contratación AMT-2021-0151.

**Quinto.** Por outra parte, resulta tamén de interese para o Parlamento aproveitar a experiencia da Amtega neste tipo de procedementos para que sexa esta última axencia a que licite o primeiro contrato baseado no acordo marco citado, incluíndo no seu obxecto os produtos a fornecer para o seu uso polo organismo estatutario. Acódese, deste xeito, a un sistema de cooperación horizontal entre entidades públicas, previsto no artigo 31 da LCSP, artellando por medio deste convenio a achega de financiamento que para tal fin achegará o Parlamento de Galicia.



Tendo en conta o anterior, a Amtega e o Parlamento manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

1. Por medio deste convenio o Parlamento de Galicia adhírese á contratación centralizada obxecto do acordo marco cun único empresario da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0151), licitado pola Amtega e adxudicado á empresa INETUM ESPAÑA, S.A..

2. En virtude do disposto no punto anterior, o Parlamento poderá celebrar contratos derivados baseados no dito acordo marco, de acordo coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público e o propio prego de cláusulas administrativas particulares.

Sen prexuízo do anterior, é vontade das partes artellar tamén a través deste convenio a contribución do Parlamento ao financiamento do primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151, que será licitado pola Amtega incluíndo entre os produtos a subministrar os destinados ao Parlamento de Galicia.

### Segunda. Compromisos das partes

1. Compromisos da Amtega:

- Incorporar o Parlamento de Galicia dentro das entidades adheridas ao acordo marco AMT-2021-0151.
- Tramitar a correspondente modificación do alcance do acordo marco AMT-2021-0151, para deixar constancia da inclusión do Parlamento no obxecto deste, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto no punto 15 do seu prego de cláusulas administrativas particulares.
- Licitar o primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151, incluíndo entre os produtos a subministrar os que corresponden ao Parlamento de Galicia. Estes produtos son os que se detallan na cláusula terceira. Deste xeito, a Amtega será a encargada da tramitación e adxudicación do contrato baseado, actuando no expediente de contratación e na execución en nome e por conta do Parlamento, sen prexuízo da existencia doutros posibles participantes. A Amtega poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de



contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas entre os participantes.

## 2. Compromisos do Parlamento:

- Adherirse de maneira efectiva ao acordo marco AMT-2021-0151 para a subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio. En consecuencia, a totalidade de subministracións dos produtos incluídos no ámbito de aplicación do acordo marco citado deberanse adquirir a través deste, agás que os produtos adxudicados non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades do Parlamento de Galicia, circunstancia da que se informará á Amtega.
- Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados no acordo marco AMT-2021-0151, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.
- Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhire, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
- Contribuír ao financiamento conxunto do primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151, que se engadirá ao que acheguen tamén a Amtega así como, no seu caso, outros posibles participantes. A contía deste financiamento será a especificada na cláusula terceira.
- Asumir as responsabilidades que lle correspondan como participante no financiamento e receptor de produtos do primeiro contrato baseado no acordo marco. En particular, o Parlamento asume a obriga de pagamento das cantidades correspondentes aos produtos recibidos, de conformidade co que resulte do prego de cláusulas administrativas particulares do acordo marco e coa folla de especificacións do contrato baseado.
- Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos e/ou nos que participase, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

### **Terceira. Alcance do primeiro contrato derivado e financiamento**

Sen prexuízo da posible participación da Amtega ou doutras entidades ou organismos incluídos dentro do ámbito de aplicación do acordo marco AMT-2021-0151, o



Parlamento de Galicia contribuirá ao financiamento do primeiro contrato baseado deste cun importe de 230.645,73 € máis IVE (279.081,33 € IVE incluído), destinado á subministración dos seguintes produtos:

Parlamento de Galicia		
Código	Descrición	Unidades
7JQ-00343	SQLSvrEntCore ALNG SA MVL 2Lic CoreLic	2
9EA-00278	WinSvrDCCore ALNG SA MVL 2Lic CoreLic	48
AAD-33200	M365 E3 FromSA Unified ShrdSvr ALNG SubsVL MVL PerUsr	25
H04-00268	SharePointSvr ALNG SA MVL	2
R39-00396	WinSvrExtConn ALNG SA MVL	1
AAD-33204	M365 E3 Unified ShrdSvr ALNG SubsVL MVL PerUsr	150
TRA-00047	ExchgOnlnPlan1 ShrdSvr ALNG SubsVL MVL PerUsr	90

A cantidade anterior terá a seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2022: 76.881,91 €
- Anualidade 2023: 76.881,91 €
- Anualidade 2024: 76.881,91 €
- Anualidade 2025: 0,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	TOTAL (S/IVE)
01.01.111B.220.02	76.881,91 €	76.881,91 €	76.881,91 €	0,00 €	230.645,73 €

Os gastos a maiores, que deriven da execución do contrato sobre o orzamento de adjudicación, derivados de modificacións contractuais, revisión de prezos ou liquidacións, aboaranse polo Parlamento na parte que proporcionalmente lle afecte.

#### Cuarta. Expediente de contratación do primeiro contrato baseado

No expediente de contratación do primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151 acreditarase a plena dispoñibilidade das achegas do Parlamento de Galicia, así como do resto de entidades participantes, de ser o caso, mediante a incorporación deste convenio, así como dos certificados de existencia de crédito e da documentación que acredite a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan, sen que sexa preciso a formalización de garantías.

A Amtega actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta do Parlamento, sen prexuízo da participación doutras entidades, e poderá



exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coas demais entidades participantes.

### **Quinta. Posición e responsabilidades en relación co primeiro contrato baseado**

Sen prexuízo da posible participación doutras entidades, a Amtega e o Parlamento de Galicia quedarán obrigados respecto do contratista do primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directos da obriga de pagamento das cantidades que lles correspondan polas prestacións recibidas.

Polo tanto, o Parlamento deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento de ningunha outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente na folla de especificacións do contrato baseado.

### **Sétima. Vixencia**

1. Este convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura.
2. Finalizada a vixencia do acordo marco AMT-2021-0151, extinguirase a adhesión específica do Parlamento de Galicia a el, sen que isto lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.
3. Polo que se refire aos compromisos específicos asumidos neste convenio en relación co primeiro contrato baseado no acordo marco AMT-2021-0151, a súa vixencia estenderase ata o momento que se extinga o dito contrato baseado, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

En caso de previsión de prórroga do dito contrato baseado, poderase prorrogar tamén con carácter previo a vixencia deste convenio, mediante a subscripción dunha addenda na que se detallarán os compromisos das partes.

### **Oitava. Resolución e modificación**

1. Este convenio resolverase:
  - Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
  - Pola finalización da súa vixencia.
  - Pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra cunha antelación de tres meses.
  - Polo incumprimento da normativa vixente en materia contractual.



2. O convenio poderá ser obxecto de modificación a través das correspondentes addendas ao mesmo, que requirirán acordo unánime das partes asinantes.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **Novena. Comisión de seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes do Parlamento de Galicia, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa en quen delegue.

### **Décima. Publicidade e inscrición en rexistros**

As partes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio no rexistro público de convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que se debe de facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016.

As partes asinantes autorizan/consentem a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

### **Décimo primeira . Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante a LOPD), do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e





demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décimo segunda. Réxime xurídico e resolución de conflitos**

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexeráse polas súas estipulacións.

Respecto do Parlamento de Galicia, como primeiro poder público previsto no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, seralle de aplicación a súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da LCSP, segundo se especifica no seu artigo 6, en todo o non previsto neste convenio aplicaráselle os principios da lei citada, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

2. Mediante a sinatura do convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento. As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio no lugar e data sinalados.

O presidente do Parlamento

A directora da Amtega

Miguel Ángel Santalices Vieira

Mar Pereira Álvarez

